



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Recursos Humanos

Bases que rexeran a convocatoria por concurso oposición de varias prazas en réxime de interinidade por execución de programas de carácter temporal ao abeiro do Plan de Inclusión Social

Anuncio

O día 05/04/2022, por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi apróbanse as bases reguladoras e convocatoria de concurso oposición para a provisión de postos de traballo en réxime de interinidade por execución de programas de carácter temporal e que son as seguintes:

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA PROVER 2 PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL, 1 PRAZA DE PSICÓLOGO/A, 2 PRAZAS DE ORIENTADOR/A LABORAL E 3 PRAZAS DE EDUCADOR/A SOCIAL, CON CARÁCTER DE PERSOAL FUNCIONARIO EN RÉXIME DE INTERINIDADE POR EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE CARÁCTER TEMPORAL (PROGRAMA INCLUSIÓN SOCIAL)

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O Concello de Ferrol convoca probas selectivas, polo procedemento de concurso-oposición en quenda libre, para prover **2 PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL, 1 PRAZA DE PSICÓLOGO/A, 2 PRAZAS DE ORIENTADOR/A LABORAL E 3 PRAZAS DE EDUCADOR/A SOCIAL**, con carácter de persoal funcionario en réxime de interinidade por execución de programas de carácter temporal, con cargo ao **PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL** (Orde de 06/09/2021 da Consellería de Política Social -DOG nº 180 do 17/09/2021-).

Expediente: BS623C 2021/69

Programa dirixido á inclusión social da poboación xitana

Programa dirixido á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social

Programa dirixido a persoas sen fogar

As prazas a prover son as seguintes:

1.- TRABALLADOR/A SOCIAL (2 prazas)

Relación laboral: Funcionarios/as interinos/as para a execución de programas, consonte ao artigo 10.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TRLEBEP).

Características das prazas: Grupo A, subgrupo A2, Complemento Destino Nivel 24, Complemento específico 521,96 €/mes.

Xornada: completa (100% da xornada).

Programas específicos aos que se vinculan:

- 1 traballador/a social para o Programa dirixido á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social (100% da xornada).
- 1 traballador/a social para o Programa dirixido a persoas sen fogar (100% da xornada).

A asignación do persoal seleccionado aos diferentes programas realizarase a elección do aspirante por orde puntuación, de forma que a maior puntuación implicará a prioridade de elección.

Duración do nomeamento: Dende a data de toma de posesión ata o 30 de abril de 2023.

2.- PSICÓLOGO/A (1 praza)

Relación laboral: Funcionario/a interino/a para a execución de programas, consonte ao artigo 10.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TRLEBEP).

Características das prazas: Grupo A, subgrupo A1, Complemento Destino Nivel 26, Complemento específico 603,12 €/mes.

Xornada: completa (100% da xornada).

Programa específico aos que se vincula:

1 único/a psicólogo/a a xornada completa compartido para os seguintes dous proxectos: Programa dirixido á inclusión social da poboación xitana (50% da xornada) e Programa dirixido á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social (50% da xornada).

Duración do nomeamento: Dende a data de toma de posesión ata o 30 de abril de 2023.

3.- ORIENTADOR/A LABORAL (2 prazas)

Relación laboral: Funcionario/a interino/a para a execución de programas, consonte ao artigo 10.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TRLEBEP).

Características das prazas: Grupo A, subgrupo A2, Complemento Destino Nivel 24, Complemento específico 469,29 €/mes.

Xornada: completa (100% da xornada).

Programas específicos aos que se vinculan:

1. 1 orientador/a laboral para o Programa dirixido á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social quen incluírá entre as súas funcións a de centralizar e supervisar a xustificación da subvención para os tres programas.

1. 1 orientador/a laboral que traballará compartido en cada un dos seguintes programas coa seguinte porcentaxe: 40% no Programa dirixido á inclusión social da poboación xitana e 60% no Programa dirixido a persoas sen fogar.

A asignación do persoal seleccionado aos diferentes programas e xornadas realizarase a elección do aspirante por orde puntuación, de forma que a maior puntuación implicará a prioridade de elección.

Duración do nomeamento: Dende a data de toma de posesión ata o 30 de abril de 2023.

4.- EDUCADOR/A SOCIAL (3 prazas)

Relación laboral: Funcionario/a interino/a para a execución de programas, consonte ao artigo 10.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TRLEBEP).

Características das prazas: Grupo A, subgrupo A2, Complemento Destino Nivel 24, Complemento específico 521,96 €/mes.

Xornada: completa (100% da xornada).

Programas específicos aos que se vinculan:

2. 1 educador/a social para o Programa dirixido á inclusión social da poboación xitana.

3. 1 educador/a social para o Programa dirixido a persoas sen fogar.

4. 1 educador/a social que traballará compartido en cada un dos seguintes programas coa seguinte porcentaxe: 57% no Programa dirixido á inclusión social da poboación xitana e 43% no Programa dirixido á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social.

A asignación do persoal seleccionado aos diferentes programas e xornadas realizarase a elección do aspirante por orde puntuación, de forma que a maior puntuación implicará a prioridade de elección.

Duración do nomeamento: Dende a data de toma de posesión ata o 30 de abril de 2023.

SEGUNDA.- REQUISITOS

Para tomar parte no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir, na data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Posuír nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro de Unión Europea, ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Támén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe do/as españois e do/as nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que nos estean separados de dereito e os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

b) Non exceder da idade legal de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias das prazas convocadas.

d) Estar en posesión da seguinte titulación:

- Traballador/a social: Diplomatura ou grao en traballo social.

- Psicólogo/a: Licenciatura ou grao en Psicoloxía.

- Orientador/a laboral: Grao ou diplomatura en Relacións Laborais, Ciencias do Traballo ou equivalente; grao ou licenciatura en Económicas, Empresariais ou ADE, ou ter superado o primeiro ciclo destas licenciaturas.

- Educador/a social: Grao ou Diplomatura ou grao en Educación Social.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación.

e) Non estar separado/a nin despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas, dirixidas ao señor Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de 5 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e destas bases na BOP.

As solicitudes para tomar parte na convocatoria deberán cumprimentarse segundo o modelo oficial que se anexa a estas bases (anexo II).

As persoas participantes farán constar os seus datos persoais e deberán manifestar, expresamente, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na BASE SEGUNDA na data de remate do prazo de presentación.

As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Achegarase á solicitude:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

- Copia da titulación esixida para o ingreso ou xustificación acreditativa de telo solicitado, e abonadas as taxas correspondentes para a súa expedición, xunto coa certificación académica comprensiva das materias cursadas onde conste, expresamente, que finalizou os estudos conducentes á obtención do título. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar a correspondente homologación.

- Copia do certificado de galego Celga IV, título de perfeccionamento ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización da proba de galego.

- Relación de méritos alegados acompañada dos xustificantes acreditativos destes sin necesidade de compulsa; bastará a declaración responsable do/a interesado/a sobre a súa autenticidade, sin prexuízo de que, en calquera momento, o tribunal cualificador poda requirir que acredite a súa veracidade.

- Xustificante de pago da taxa por dereito de exame ou, no seu caso, certificado do SEPE de estar en situación de desemprego.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

CUARTA.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade correspondente consonte á Ordenanza fiscal núm. 28, reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección do persoal:

- Psicólogo/a (A1): **57,55 euros**

- Traballador/a social, orientador/a laboral, educador/a social (A2): **40,33 euros**

Quedan exonerados do seu pagamento aqueles aspirantes que acrediten, mediante certificado do SEPE, estar en situación de desemprego.

As taxas só serán devoltas no caso de que a persoa aspirante non resulta admitida no proceso selectivo por falta dos requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria.

A falta de pagamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo de 5 días hábiles, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 3 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

A designación dos membros do Tribunal farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a lista definitiva de admitidas e excluídas, que fixará tamén a data e a hora na que deberá constituírse o tribunal e dar comezo as probas selectivas.

O Tribunal cualificador estará composto por un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a e catro vogais. Os seus membros deberán posuír titulación de igual nivel ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas e ser funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da mesma lei.

Non poderán formar parte dos órganos de selección aqueles funcionarios que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que podan presentarse e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en aqueles aspectos non previstos nestas bases, así como para dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

SÉTIMO. - DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O lugar, data e hora do comenzo da celebración do primeiro exercicio das probas selectivas darase a coñecer xunto coa publicación das listas de admitidos e excluídos, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non compareceran, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "T", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro).

As e os aspirantes terán que presentarse para a realización de cada exercicio provistas/os do orixinal do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea, así como dos medios materiais esixidos para a práctica dos exercicios na convocatoria ou polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirirle aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

OITAVO.- PROCESO SELECTIVO**a) TRABALLADOR/A SOCIAL**

a.1.- O proceso selectivo axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Constará de dúas fases:

- Concurso: 2 puntos
- Oposición: 8 puntos

a.2.- FASE DE CONCURSO (máximo 2 puntos)

Valorarase a posesión de experiencia nos postos relacionados co traballo a desenvolver ata un máximo de 2 puntos.

EXPERIENCIA

Por traballos realizados en Concellos e Mancomunidades como traballador/a social: 0,20 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados noutras Administracións como traballador/a social: 0,10 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados en Entidades de carácter social como traballador/a social: 0,05 puntos por mes traballado.

A experiencia nas Administracións públicas acreditarase mediante certificados expedidos polas Administracións correspondentes.

A experiencia en Entidades de carácter social acreditarase mediante contrato de traballo e vida laboral.

a.3.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 8 puntos)

Consistirá na realización de 2 probas de carácter eliminatorio e unha proba de coñecemento de lingua galega - da que quedarán exentas as persoas participantes que acrediten estar en posesión do certificado de galego CELGA IV e que se cualificará como apto/non apto.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e bolígrafo e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a das opositoras, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

Desenvolvemento da oposición: Constará de 2 exercicios eliminatorios.

1º exercicio: Cuestionario tipo test de 50 preguntas, e 5 de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo. A duración máxima de esta proba será de 60 minutos.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de 0 a 5 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 2,5 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio. Cada resposta correcta puntuará 0,10 puntos. Cada resposta errada restará 0,03 puntos. As preguntas non contestadas nin suman nin restan puntuación.

2º exercicio: O segundo exercicio, igualmente de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá en resolver un suposto práctico con catro preguntas de resposta curta sobre contidos referidos ao mesmo. A duración máxima de esta proba será de 60 minutos.

Puntuación máxima 3 puntos. Valorarase a idoneidade das respostas en función da intervención a realizar no contexto de actuación para o posto ao que se opta. Non se poderá levar material de consulta (normativa....). Para superar o caso práctico precisárase unha puntuación mínima de 1,5 puntos.

3º exercicio: coñecemento da lingua galega consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatorio a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de coñecemento da lingua establecido na base 3ª.

Se o Órgano de selección, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á realización dun exercicio, anulase algunha/s das preguntas incluídas nel, anunciarao publicamente no taboleiro de anuncios do Concello. Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 121 da Lei 39/2015.

O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte da fase de oposición será de 48 horas.

A cualificación final será a suma total das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de oposición. No caso de

persistir, decidírase por orde alfabético do primeiro apelido e, no seu caso, do segundo, de conformidade co que estableza a resolución da Xunta de Galicia, vixente nese momento, en canto ao resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) PSICÓLOGO/A

b.1.- O proceso selectivo axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Constará de dúas fases:

- Concurso: 2 puntos

- Oposición: 8 puntos

b.2.- FASE DE CONCURSO (máximo 2 puntos)

Valorarase a posesión de experiencia nos postos relacionados co traballo a desenvolver ata un máximo de 2 puntos.

EXPERIENCIA

Por traballos realizados en Concellos e Mancomunidades como psicólogo/a: 0,20 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados noutras Administracións co como psicólogo/a 0,10 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados en Entidades de carácter social como psicólogo/a: 0,05 puntos por mes traballado.

A experiencia nas Administracións públicas acreditarase mediante certificados expedidos polas Administracións correspondentes.

A experiencia en Entidades de carácter social acreditarase mediante contrato de traballo e vida laboral.

b.3.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 8 puntos)

Consistirá na realización de 2 probas de carácter eliminatorio e unha proba de coñecemento de lingua galega - da que quedarán exentas as persoas participantes que acrediten estar en posesión do certificado de galego CELGA IV e que se cualificará como apto/non apto.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e bolígrafo e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a das opositoras, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

Desenvolvemento da oposición: Constará de 2 exercicios eliminatorios.

1º exercicio: Cuestionario tipo test de 50 preguntas, e 5 de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo. A duración máxima de esta proba será de 60 minutos.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de 0 a 5 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 2,5 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio. Cada resposta correcta puntuará 0,10 puntos. Cada resposta errada restará 0,03 puntos. As preguntas non contestadas nin suman nin restan puntuación.

2º exercicio: O segundo exercicio, igualmente de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá en resolver un suposto práctico con catro preguntas de resposta curta sobre contidos referidos ao mesmo. A duración máxima de esta proba será de 60 minutos.

Puntuación máxima 3 puntos. Valorarase a idoneidade das respostas en función da intervención a realizar no contexto de actuación para o posto ao que se opta. Non se poderá levar material de consulta (normativa....). Para superar o caso práctico precisárase unha puntuación mínima de 1,5 puntos.

3º exercicio: coñecemento da lingua galega consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatorio a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de coñecemento da lingua establecido na base 3ª.

Se o Órgano de selección, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á realización dun exercicio, anulase algunha/s das preguntas incluídas nel, anunciarao publicamente no taboleiro de anuncios do Concello. Contra tal acordo poderá interperse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 121 da Lei 39/2015.

O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte da fase de oposición será de 48 horas.

A cualificación final será a suma total das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de oposición. No caso de persistir, decidirase por orde alfabético do primeiro apelido e, no seu caso, do segundo, de conformidade co que estableza a resolución da Xunta de Galicia, vixente nese momento, en canto ao resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) ORIENTADOR/A LABORAL

c.1.- O proceso selectivo axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Constará de dúas fases:

- Concurso: 2 puntos

- Oposición: 8 puntos

c.2.- FASE DE CONCURSO (máximo 2 puntos)

Valorarase a posesión de experiencia nos postos relacionados co traballo a desenvolver ata un máximo de 2 puntos.

EXPERIENCIA

Por traballos realizados en Concellos e Mancomunidades como orientador/a social: 0,20 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados noutras Administracións como orientador/a social: 0,10 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados en Entidades de carácter social como orientador/a social 0,05 puntos por mes traballado.

A experiencia nas Administracións públicas acreditarase mediante certificados expedidos polas Administracións correspondentes.

A experiencia en Entidades de carácter social acreditarase mediante contrato de traballo e vida laboral.

c.3.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 8 puntos)

Consistirá na realización de 2 probas de carácter eliminatorio e unha proba de coñecemento de lingua galega - da que quedarán exentas as persoas participantes que acrediten estar en posesión do certificado de galego CELGA IV e que se cualificará como apto/non apto.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e bolígrafo e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a das opositoras, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

Desenvolvemento da oposición: Constará de 2 exercicios eliminatorios.

1º exercicio: Cuestionario tipo test de 50 preguntas, e 5 de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo. A duración máxima de esta proba será de 60 minutos.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de 0 a 5 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 2,5 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio. Cada resposta correcta puntuará 0,10 puntos. Cada resposta errada restará 0,03 puntos. As preguntas non contestadas nin suman nin restan puntuación.

2º exercicio: O segundo exercicio, igualmente de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá en resolver un suposto práctico con catro preguntas de resposta curta sobre contidos referidos ao mesmo. A duración máxima de esta proba será de 60 minutos.

Puntuación máxima 3 puntos. Valorarase a idoneidade das respostas en función da intervención a realizar no contexto de actuación para o posto ao que se opta. Non se poderá levar material de consulta (normativa....). Para superar o caso práctico precisárase unha puntuación mínima de 1,5 puntos.

3º exercicio: coñecemento da lingua galega consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de coñecemento da lingua establecido na base 3ª.

Se o Órgano de selección, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á realización dun exercicio, anulase algunha/s das preguntas incluídas nel, anunciarao publicamente no taboleiro de anuncios do Concello. Contra tal acordo poderá interperse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 121 da Lei 39/2015.

O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte da fase de oposición será de 48 horas.

A cualificación final será a suma total das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de oposición. No caso de persistir, decidirase por orde alfabético do primeiro apelido e, no seu caso, do segundo, de conformidade co que estableza a resolución da Xunta de Galicia, vixente nese momento, en canto ao resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) EDUCADOR/A SOCIAL

d.1.- O proceso selectivo axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Constará de dúas fases:

- Concurso: 2 puntos

- Oposición: 8 puntos

d.2.- FASE DE CONCURSO (máximo 2 puntos)

Valorarase a posesión de experiencia nos postos relacionados co traballo a desenvolver ata un máximo de 2 puntos.

EXPERIENCIA

Por traballos realizados en Concellos e Mancomunidades como educador/a social: 0,20 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados noutras Administracións como educador/a social: 0,10 puntos por mes traballado.

Por traballos realizados en Entidades de carácter social como educador/a social: 0,05 puntos por mes traballado.

A experiencia nas Administracións públicas acreditarase mediante certificados expedidos polas Administracións correspondentes.

A experiencia en Entidades de carácter social acreditarase mediante contrato de traballo e vida laboral.

d.3.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 8 puntos)

Consistirá na realización de 2 probas de carácter eliminatorio e unha proba de coñecemento de lingua galega - da que quedarán exentas as persoas participantes que acrediten estar en posesión do certificado de galego CELGA IV e que se cualificará como apto/non apto.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e bolígrafo e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a das opositoras, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

Desenvolvemento da oposición: Constará de 2 exercicios eliminatorios.

1º exercicio: Cuestionario tipo test de 50 preguntas, e 5 de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo. A duración máxima de esta proba será de 60 minutos.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de 0 a 5 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 2,5 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio. Cada resposta correcta puntuará 0,10 puntos. Cada resposta errada restará 0,03 puntos. As preguntas non contestadas nin suman nin restan puntuación.

2º exercicio: O segundo exercicio, igualmente de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá en resolver un suposto práctico con catro preguntas de resposta curta sobre contidos referidos ao mesmo. A duración máxima de esta proba será de 60 minutos.

Puntuación máxima 3 puntos. Valorarase a idoneidade das respostas en función da intervención a realizar no contexto de actuación para o posto ao que se opta. Non se poderá levar material de consulta (normativa....). Para superar o caso práctico precisárase unha puntuación mínima de 1,5 puntos.

3º exercicio: coñecemento da lingua galega consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatorio a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de coñecemento da lingua establecido na base 3ª.

Se o Órgano de selección, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á realización dun exercicio, anulase algunha/s das preguntas incluídas nel, anunciarao

publicamente no taboleiro de anuncios do Concello. Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 121 da Lei 39/2015.

O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte da fase de oposición será de 48 horas.

A cualificación final será a suma total das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de oposición. No caso de persistir, decidirase por orde alfabético do primeiro apelido e, no seu caso, do segundo, de conformidade co que estableza a resolución da Xunta de Galicia, vixente nese momento, en canto ao resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

NOVENO.- RESULTADO DA SELECCIÓN

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación e no seu caso na páxina web municipal www.ferrol.gal no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta de nomeamento das prazas a prover a favor dos aspirantes posuidores das puntuacións máis altas, xunto coa acta da sesión.

As persoas aspirantes que superen as probas pero non figuren incluídas na proposta de interinidade formarán parte dunha listaxe de reserva para os efectos de cubrir posibles renuncias ou incidencias que puideran xurdir durante o período ao cal afecta a mesma. Os chamamentos que se fagan ás persoas desta lista seguirán a orde rigorosa de puntuación.

Os chamamentos que se fagan ás persoas desta lista seguirán a orde rigorosa de puntuación. Realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección facilitados no momento da presentación de instancias. As persoas integrantes da bolsa deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera modificación dos datos de contacto indicados ao efecto.

Levarase a cabo un máximo de dúas chamadas telefónicas ao longo de unha mesma xornada laboral (entendida dende as 9:00 ás 14:00 horas) e cun intervalo mínimo de unha hora. No caso de non terse producido resposta, remitirase un correo electrónico (dentro da mesma xornada). Darase un prazo máximo de 24 horas (contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou non, a oferta realizada.

DÉCIMO.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As persoas aspirantes propostas presentarán, no prazo de tres (3) días hábiles contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria:

-Declaración responsable de non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

- Declaración responsable de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

-Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Se a persoa aspirante proposta tivera a condición de funcionario público, estará exenta de xustificar documentalmente as condicións ou requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo, en tal caso, presentar certificado da Administración/organismo do que dependan, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servizos.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentara a documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

DÉCIMO PRIMEIRO.- NOMEAMENTO

Unha vez presentada a documentación, a Alcaldía nomeará funcionarios/as interinos/as ás persoas aspirantes propostas polo Tribunal Cualificador, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

As persoas nomeadas deberán tomar posesión no prazo de dous (2) días hábiles a partir da data de notificación da resolución do nomeamento, debendo prestar previamente xuramento ou promesa de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, e virán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable. Mentres non tomen posesión do posto e non se incorporen ao posto de traballo, as persoas nomeadas non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

DÉCIMO SEGUNDO.- NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación a seguinte normativa:

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Restante normativa de aplicación.

Con carácter supletorio:

- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado.
- Decreto 95/1991, do 23 de marzo, da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e á provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Demais disposicións que sexan de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e da páxina WEB municipal.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

ANEXO I

TEMARIO COMÚN A TODAS AS ESPECIALIDADES

- 1.- Constitución española de 1978. Características e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. Garantías das liberdades e dereitos fundamentais. Suspensión dos dereitos e liberdades.
- 2.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. O acto administrativo: requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade. A revisión dos actos en vía administrativa e recursos administrativos.
- 3.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. O procedemento administrativo común e simplificado. A responsabilidade patrimonial e a potestade sancionadora das Administracións Públicas: principios e procedemento. O interesado. Normas xerais de actuación das Administracións Públicas. Termos e prazos.
- 4.- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Clases de empregados públicos. Dereitos e deberes dos empregados/as públicos/as. Concepto de funcionario e clases. Adquisición e perda da condición de funcionario de carreira. Situacións nas que pode atoparse. Grupos de clasificación profesional.
- 5.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A contratación da Administración Local. Réxime xurídico. Tipos de contratos. Procedementos de adxudicación.
- 6.- O orzamento municipal: Ideas xerais. Contido e aprobación. O crédito orzamentario: concepto. Os recursos das facendas locais.
- 7.- Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Ferrol

8.-Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Regulamento europeo de protección de datos.

9.-Orde do 6 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, susceptible de ser financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021 (DOGA nº 180 do 17/09/2021). Programas obxecto da subvención no Concello de Ferrol (consulta na páxina web municipal): Programa dirixido á inclusión social da comunidade xitana; Programa dirixido a persoas en situación de sen fogar; Programa dirixido á inclusión social das persoas en situación ou risco de exclusión social.

10.- Marco legal dos servizos sociais. Constitución Española 1978. Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia e Lei 7/1985, do 2 de outubro, Reguladora das Bases do Réxime Local.

11.- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia: Disposicións Xerais. Do sistema galego de servizos sociais. Competencias dos Concellos.

12.-Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento: A renda de inclusión social de Galicia (Risga).

13.-Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento: Axudas de inclusión social (AIS).

14.- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Recursos e medidas vencellados á renda de inclusión social de Galicia. Medidas para a incorporación laboral das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

15- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, de Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento: Disposicións xerais. Dereitos e deberes das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios. Dos servizos sociais comunitarios básicos.

16- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, de Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento: Dos servizos sociais comunitarios específicos. Competencias e cooperación entre as Administracións Públicas galegas. Os servizos sociais comunitarios no sistema de servizos sociais.

17.- Decreto 61/2016 do 11 de febreiro polo que se define a Carteira de Servizos Sociais de Inclusión

18.- Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social

19.-A inclusión como obxectivo da política social europea. Os plans de inclusión social en Galicia.

20.-A estratexia de inclusión social de Galicia: Os equipos técnicos de inclusión sociolaboral.

TEMARIOS ESPECÍFICOS ADICIONAIS AO COMÚN

PSICÓLOGO/A (A1)

21- As redes sociais na Intervención Comunitaria

22- A mediación en Psicoloxía. Conflito. Ámbitos de actuación da mediación

23- O/a psicólogo/a na intervención social comunitaria

24- Habilidades sociais e competencia social

25- Roles e funcións do psicólogo/a da Intervención Social

26 -Deontoloxía e ética profesional

27- Fundamentos dos Equipos de Traballo no ámbito das organizacións

28- A intervención grupal con familias na primeira infancia

29- Ambiente e Infancia

30- Adicións conductuais. Definición. Características. Intervención

31- Características xerais dos modelos e enfoques en intervención familiar: conductista, psicoanalítico, sistémico, centrado no cliente, constructivista

32- Competencias parentais en contextos de risco psicosocial : habilidades educativas; habilidades de autonomía persoal e busca de apoio social; habilidades para a vida persoal e habilidades de organización doméstica.

33- A intervención familiar en contextos cronificados e de especial dificultade (Valentín Escudero): A cronicidade como obxectivo da intervención; perfís de cronicidade; factores que explican e manteñen a cronicidade

34- Modelos de traballo en rede. A experiencia interxarxes (José Ramón Ubieta)

35- Incorporación da perspectiva de xénero e a igualdade na práctica da psicoloxía (Colegio Oficial de Psicología).

TRABALLADOR/A SOCIAL (A2)

21- A Historia Social Única electrónica. O Decreto 89/2016, do 30 de xuño polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

22- O proceso metodolóxico no traballo social: estudio investigación; diagnóstico; planificación-programación; execución-proxecto de intervención; avaliación.

23- Técnicas en traballo social

24- Instrumentos en traballo social

25 Deontoloxía e ética profesional

26- Bono de alugueiro social

ORIENTADOR/A LABORAL (A2)

21- Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.

22- Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se regula o procedemento da cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo

23-Real Decreto Lei 20/2020 do 29 de maio polo que se establece o ingreso mínimo vital: disposicións xerais; ámbito subxectivo de aplicación; cooperación entre as administracións públicas

24- Plan personalizado de busca de emprego. Itinerario de emprego e formación

25 -Deontoloxía e ética profesional

26- Introducción do enfoque de xénero na orientación laboral

EDUCADOR/A SOCIAL (A2)

21- O servizo de educación e apoio familiar

22- Modelos de intervención socio educativa

23- A intervención comunitaria. Estilos de intervención

24- El sistema familiar, estrutura, funcións e roles

25- Deontoloxía e ética profesional

26- A intervención socioeducativa con adolescentes

ANEXO II
MODELO DE INSTANCIA

Don/ a

DNI:

Correo electrónico:

Enderezo notificación:

Código Postal:

Concello:

Provincia:

Teléfono:

Solicito: Participar no proceso selectivo **para prover** Con carácter de persoal funcionario en réxime de interinidade por execución de programas de carácter temporal, **con cargo ao PROGRAMA DE EMERXENCIA SOCIAL E A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA, INMIGRANTE E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN.**

(Marcar cun "X" o proceso ao que se opta)

2 PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL

1 PRAZA DE PSICÓLOGO/A

2 PRAZAS DE ORIENTADOR/A LABORAL

3 PRAZAS DE EDUCADOR/A SOCIAL

Para o que achego a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- Copia da titulación requirida para o acceso ao posto.
- Copia do certificado de galego CELGA IV, aos efectos da exención de realización da proba de galego.
- Xustificante de pago da taxa por dereito de exame ou, no seu caso, certificado do SEPE de estar en situación de desemprego.
- As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.
- Relación de méritos alegados acompañada dos xustificantes acreditativos destes:

Ferrol, ____ de _____ de 2022

DECLARO RESPONSABLEMENTE

- 1) Que acepto e acato todas e cada unha das bases da convocatoria.
- 2) Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas na BASE SEGUNDA na data de remate do prazo de presentación.
- 3) Que os datos contidos na documentación entregada para participar no proceso selectivo son veraces.

(sinatura)"

Segundo.- Convocar o proceso selectivo mencionado con suxeición ás bases transcritas.

Terceiro.- Publicar o texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello (www.ferrol.es).”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 6 de abril de 2022

A concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi

María Teresa Deus Trasobares

2022/1853